



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Infraestructuras e Mobilidade

Revisión de tarifas urbanas de autotaxi da cidade da Coruña para o ano 2022

A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 16 de febreiro de 2022, acordou informar favorablemente a proposta de revisión de tarifas de transporte urbano en auto-taxi da cidade da Coruña acordada pola Asociación Local de Auto-taxis de A Coruña e a Asociación Herculina del Taxi de A Coruña - Tele Taxi na reunión celebrada o día 10 de febreiro de 2022.

Remitida esta proposta á Comisión de Prezos de Galicia, logo do preceptivo trámite de audiencia ao Consello Galego de Transportes, en sesión realizada o día 4 de maio de 2022, informouna favorablemente.

O director xeral de Comercio e Consumo, mediante resolución do 9 de maio de 2022, á vista deste informe favorable, resolveu autorizar a aplicación das seguintes tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en auto-taxi para o Concello da Coruña:

CONCEPTOS	TARIFAS
TARIFA 1	
Aplicable en días laborais de 6.00 a 22.00	
Baixada de bandeira ou contía mínima (a baixada de bandeira inclúe 2.200 metros ou tempo equivalente)	4,00
Qm. percorrido	1,00
Hora de espera	20,50
TARIFA 2	
Aplicable en días laborais de 22.00 a 06.00, venres desde as 22.00, sábados, domingos, festivos e 24 e 31 de decembro	
Baixada de bandeira o contía mínima (a baixada de bandeira inclúe 1.900 metros ou tempo equivalente)	4,50
Qm. percorrido	1,20
Hora de espera	25,00
SUPLEMENTOS (aplicables a ambas tarifas)	
Por uso de maleteiro (excepto cadeiras para P.M.R. ou infantís)	0,80
Traslado cans/gatos (excepto lazarillos autorizados)	0,80
Días noiteboa, noitevella e San Xoán Aplicables o día 23 de xuño, desde as 22.00 ata as 08.00 do día 24; o día 24 de decembro, desde as 22.00 ata as 08.00 do día 25; o día 31 de decembro, desde as 22.00 ata as 08.00 do día 1 de xaneiro	2,25

Estes prezos serán aplicables a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 11 de maio de 2022.

O director da Área de Infraestruturas e Mobilidade

Antonio Francisco Alfeirán Rodríguez

2022/2666